



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA DEZASETE DE MARZO DO ANO DOUS MIL NOVE.**

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo a unha da tarde do día dezasete de marzo do ano dous mil nove, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión extraordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.

D. Benito Vázquez Vázquez

Dna. María Belén González González

D. Antonio Estévez González

D. Jesús Deibe Fernández Simo

D. Cayetano Carballo Suárez

Non asisten os concelleiros D. Francisco Veloso González, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Tomás Fernández González e Dna. María del Carmen Yáñez Salgado,

Actúa como Secretaria, a Secretaria da Corporación, D<sup>a</sup>. Laura Fernandez Permuy.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

**PRIMEIRO : EXPEDIENTE 2009/006 “FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL”.  
ADXUDICACIÓN.**

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía.

**“PROPOSTA DE ALCALDIA:**

Sobre a base do regulado no Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego; e na Resolución de 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local creado polo Real Decreto Lei 9/2008.

Considerando a competencia do Pleno para aprobar as actuacións de investimento correspondentes a devandito Fondo.

Completado o expediente para a contratación por procedemento negociado con publicidade para a execución da obra “CONSTRUCCIÓN DUN EMBARCADOIRO NO ENCORO DE LINDOSO” no marco do fondo estatal de investimento local para o emprego convocado segundo acordo Plenario de 20 de febreiro de 2009, téndose publicado no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Ourense, con acta de constitución da Mesa de Contratación de data 3 de marzo de 2009 e de data 13 de marzo de 2009.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

Tendo en conta tamén que, conforme ao art. 40.2 da LCSP e art 22.4 da LBRL, o órgano de contratación poderá delegar as súas competencias no Alcalde.

Propoño ao Pleno:

-.Primeiro: Adxudicar provisionalmente á empresa RONAUTICA, por ser o único licitador concorrente neste expediente, por un importe de 410.017,47 € ((353.463,34 €), resultante de aplicar ao orzamento de execución material, os porcentaxes correspondentes en concepto de gastos xerais e beneficio industrial), e do IVE aplicable (56.554,13 €)

-. Segundo: Delegar na Alcaldía a elevación a adxudicación definitiva, de conformidade co recollido na cláusula XVI do prego de cláusulas administrativas particulares.

-. Terceiro: Delegar na Alcaldía a aprobación do plan de seguridade e saúde, unha vez este informado polo coordinador de seguridade e saúde”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que no anterior Pleno, se fixera fincapé en que o personal a contratar fora da zona.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que a parte da obra civil á realizar no concello de Lobios, hai un compromiso da empresa para contratar persoas da zona.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, responde que un compromiso da empresa non implica que os obreiros a contratar sexa de aquí .

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a postura do seu grupo foi a mesma durante este procedemento e, na mesma sempre dixeron que si se quería mellora-lo emprego da zona esta non era a obra axeitada, pero que agora había que seguir co procedemento polo que o seu voto vai a ser a favor.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que a creación de emprego tamén verse cara un futuro e non só cara a realización desta obra.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que eses 4 ou 5 obreiros que hai que contratar deben ser de aquí, recalcando que fala de obreiro non de técnicos.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada pola unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Vázquez Vázquez, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez (7 votos a favor)

ABSTENCIÓNS: Sres, Fernández González, Rodríguez Broullón, Yáñez Salgado e Veloso González por a non asistencia ao Pleno ( 4 abstencións).

## **SEGUNDO: EXPEDIENTE 2009/005 “ ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN LOBIOS**

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía.

### **“PROPOSTA DE ALCALDIA:**



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

#### CONCELLO DE LOBIOS

Estándose a tramitar ante o organismo Augas de Galicia dependente da Consellería de Medio Ambiente, a financiación da execución das obras “Abastecemento e saneamento en Lobios-Ourense”, por importe de 854.828,84euros.

Recibida comunicación do organismo Augas de Galicia, solicitando un novo compromiso,. Considerando o sinalado na memoria da Alcaldía sobre a urxencia e necesidade das obras, así como o informe de intervención sobre a capacidade económica de este Concello para a financiación do custe de execución das obras con cargo os seus propios fondos.

Visto o disposto no art. 5 do Decreto 84/1997, de 10 de abril sobre colaboración técnico- financeira da administración hidráulica de Galicia cas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas.

Considerando que dito proxecto xa foi aprobado inicialmente polo Pleno con data 31 de xaneiro de 2009, e se iniciou o tramite de exposición ao público polo prazo de vinte días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

#### Propoño ao Pleno:

1º.- Solicitar á Presidencia do organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

2º.- O Concello de Lobios pon a disposición os terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

3º.- Renuncia expresa do Concello á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

4º.- O Concello comprométese a asumi-la explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectua-los traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución .

5º.-O Concello de Lobios comprométese a actualización das tarifas pola prestación do servico na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización (Art. 9f. Do Decreto 84/1997).

6º.- Compromiso do Concello de Lobios de ingresa-lo trinta por cento (30%) da anualidade, calculada de acordo coa metodoloxía sinalada, na Caixa de Augas de Galicia, ó longo dun período de vinte (20)anos, e que se destinará á reposición de infraestructuras hidráulicas ou a construción doutras novas.

7º.- Faculta-lo Sr. Alcalde- Presidente para solicita-lo financiamento do 100% do custo das obras”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que o seu grupo está preocupado polo contido dos puntos 4º, 5º e 6º. A súa compañeira de grupo Dna. González González , pregunta si a aplicación destes puntos van a ter repercusión nos veciños.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que a realización desta obra vai a ter unha repercusión positiva para o concello.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada pola unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Vázquez Vázquez, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez (7 votos a favor)



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

ABSTENCIÓNS: Sres, Fernández González, Rodríguez Broullón, Yáñez Salgado e Veloso González por a non asistencia ao Pleno ( 4 abstencións).

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy